



**Escola de nais e pais**

**Formación en idiomas:**

**(campamentos, intercambios, cursos de verán, curso escolar...)**

**IES A Xunqueira II**

**Pontevedra**





## Índice

Contexto.....	3
A nosa proposta.....	4
Actividades de verán.....	5
1. Rotary Youth Schange convoca campamentos (Camps e Handicamps).....	5
2. Rotary Youth Schange convoca intercambios family to family.....	5
3. Axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras.....	6
4. Bolsas USA Unicaja "Experiencia familiar y escolar en Estados Unidos".....	7
5. Space Camp en Alabama.....	7
6. High-School Students Internship Programme en el CERN, en Ginebra.....	7
7. Cursos de inmersión en lingua inglesa.....	8
8. Bolsas para un curso intensivo de inmersión lingüística de inglés, en España.....	8
9. Summer Programe Action x Change.....	8
10. Eurolingua Benairlanda, SL convoca 200 bolsas ao 50%.....	8
11. O MEFP convoca o programa de inmersión lingüística en colonias de vacaciones.....	9
12. A CEUFP convoca actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek.....	9
Curso escolar no estranxeiro.....	10
1. A Fundación Amancio Ortega convoca 600 bolsas, das que 100 son para Galicia.....	10
2. UWC España, a Fundación Comité Español de los Colegios de Mundo Unido convoca 10 prazas con bolsa total ou parcial e 10 de pago.....	10
3. Bolsa no Instituto de Verán Benjamín Franklin nos Estados Unidos de América.....	11
4. Rotary Youth Schange convoca 140 prazas para intercambios longos (anuais).....	11
5. Ano escolar en USA.....	12
Comparación coa oferta privada.....	12

**Documento accesible na  
web do centro**

**[www.iesaxunqueira2.com](http://www.iesaxunqueira2.com)**

**en ALUMNADO > Axudas e premios**





## Contexto.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (a LOMCE), afirma no preámbulo que o dominio dunha segunda, ou mesmo, dunha terceira lingua estranxeira se converteu nunha prioridade na educación como consecuencia do proceso de globalización en que vivimos, á vez que se mostra como unha das principais carencias do noso sistema educativo.

A Unión Europea fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciable para a construción dun proxecto europeo. (Horizonte 2020 e Axenda 2030)

A Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020 -EDUlingüe- abrangue múltiples iniciativas:

- formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE).
- Programas de seccións bilingües.
- Centro plurilingüe.
- Programa de auxiliares de conversa.



Procede, entón, a nos marcar un **obxectivo xeral**.

- Fomentar o coñecemento de idiomas co obxecto de que o alumnado galego adquira unha competencia plurilingüe.

A oferta educativa do noso centro abrangue as seguintes actuacións:

- Oferta ordinaria. (a da maioría dos centros de ensino)
  - Inglés como 1ª lingua estranxeira.
    - 3 sesións semanais en cada un dos 4 cursos da ESO e nos 2 cursos de bacharelato.
  - Francés como 2ª lingua estranxeira.
    - 2 sesións semanais en 1º, 2º e 3º da ESO, e en 1º de bacharelato.
    - 3 sesións semanais en 4º da ESO e en 2º de bacharelato.
- Oferta extraordinaria. (a nosa, segundo a demanda)
  - Francés como 1ª lingua estranxeira.
    - 3 sesións semanais en cada un dos 4 cursos da ESO e nos 2 cursos de bacharelato.
  - Inglés como 2ª lingua estranxeira.
    - 2 sesións semanais en 1º, 2º e 3º da ESO, e en 1º de bacharelato.
    - 3 sesións semanais en 4º da ESO e en 2º de bacharelato.
  - Portugués como 2ª lingua estranxeira. (pendente de aprobación e implantación no curso 2020/21)
    - 2 sesións semanais en 1º da ESO e en 1º de bacharelato, cun crecemento vexetativo por nivel curso a curso.
  - CUALE A1, A2 e B1 polas tardes en simultaneidade co DELF Scolaire A2, B1 e B2.
  - Apoio ás clases de francés 1ª lingua en tódolos niveis, 2ª lingua en 4º da ESO, no CUALE e no DELF Scolaire cunha persoa auxiliar de conversación. (8 sesións semanais)





- Viaxes culturais internacionais:
  - Francia, Portugal ou Italia en 4º da ESO.
  - Londres en 1º de bacharelato.
  - Roma en 2º de bacharelato.

● **Proxectos anteriores:**



- Proxectos europeos.
  - Erasmus+ con auxiliares administrativas de orixe francés de xeito ininterrompido desde o curso 2014/15 até a actualidade.
  - Comenius Regio, nos cursos 2012/13 e 2013/14.
  - Comenius, no curso 2007/08.
- Programa Englishweek.
  - No curso 2016/17.



## A nosa proposta.

● **No ensino ordinario.**

- Elixir indistintamente o francés ou inglés como 1ª lingua, se ben é certo que a opción do francés soe xerar grupos máis pequenos.
- En caso de elixir o francés como 1ª lingua, non esquecerse da 2ª lingua estranxeira como optativa.

● **Programas de innovación educativa.**

- A opción do CUALE e mesmo do DELF ofrece a posibilidade de certificación nos distintos niveis do Marco europeo común de referencia para as linguas (MCERL), válido en toda Europa.

● **Formación complementaria.**

- Alumnado de 1º da ESO:
  - Actividade de idiomas en España no verán.
- Alumnado de 2º da ESO:
  - Actividade de idiomas en España no verán.
  - Actividade de idiomas no estranxeiro no verán.
- Alumnado de 3º da ESO:
  - Actividade de idiomas no estranxeiro no verán.
  - Intercambio de idiomas no estranxeiro no verán.
- Alumnado de 4º da ESO:
  - Intercambio de trimestre, semestre ou curso académico.
- Alumnado de 1º de bacharelato:
  - Intercambio de curso académico.
- Alumnado de 2º de bacharelato:
  - Actividade de idiomas no estranxeiro no verán.
  - Interrail por Europa.



## Actividades de verán.

### 1. Rotary Youth Schange convoca campamentos (Camps e Handicamps).

- O Camp consiste na iniciativa por parte dun club rotario que invita a un número limitado de mozos e mozas a pasar, de dous a tres semanas, na zona onde estea ubicado o club, para desenvolver unha actividade de ocio e/ou cultura, que permita compartir o tempo con outros mozos doutros países e ao mesmo tempo desenvolver unha experiencia enriquecedora (só un rapaz por país).
- Os Camps poden comprender actividades como cursos de vela, equitación, arqueoloxía, música, golf... sempre na procura de compartir o tempo e intercambiar coñecementos entre mozos e mozas de distintos países.
- O club organizador-anfitrión establece as normas do mesmo: idioma, idades, coñecementos, mínimos...
- Os Handicamps son organizados por clubs rotarios e están dedicados a discapacitados físicos. Nestes casos, se invita a un mozo ou moza con discapacidade e a súa persoa acompañante.
- Requisitos:
  - Ter bo nivel de inglés.
  - Para mozos entre 12 e 30 anos cumpridos a 1 de agosto do ano de saída.
  - Estar patrocinado polo Rotary Club de Pontevedra.
- Charla informativa → ao rematar esta presentación.
- Custes:
  - Servizo do camp: 450€ (tramitación, busca e xestión)
  - Camp: Variable.
  - Non están incluídos os custes da viaxe, do seguro médico e gastos extras.
- Países dispoñibles (entre outros) → Alemaña, Austria, Bélxica, Brasil, Canadá, Dinamarca, Holanda, Hungría, Eslovenia, Exipto, Finlandia, Francia, Inglaterra, India, Israel, Italia, Lituania, México, Noruega, Polonia, República Checa, Romanía, Rusia, Suíza, Taiwán, Turquía e USA.
- Prazo → tan pronto é aberta a inscrición, hainos de inverno e de verán.
- Convocatorias actuais → <https://www.spainrye.es/camps/>
- Convocatorias anteriores → <https://yepspain.org/camps.php>

Rotary  
MD SPAIN



rotary  
youth  
exchange

### 2. Rotary Youth Schange convoca intercambios family to family.

- A duración e de entre 3 e 6 semanas coa intención de que ámbolos dous rapaces convivan o mesmo tempo en orixe e destino durante o período estival.
- Requisitos:
  - Para mozos entre 15 e 19 anos cumpridos a 1 de agosto do ano de saída.
  - Estar patrocinado polo Rotary Club de Pontevedra.
- É un programa de intercambio, polo que existe a obriga de recibir na nosa vivenda o estudante do país de destino.
- Charla informativa → ao rematar esta presentación.
- Custes:
  - Servizo de intercambio: 600€ (tramitación, busca e xestión)
  - Non están incluídos os custes da viaxe, do seguro médico e gastos extras.

Rotary  
MD SPAIN



rotary  
youth  
exchange





- Países dispoñibles (entre outros) → Alemaña, Arxentina, Australia, Austria, Bolivia, Brasil, Bulgaria, Bélxica, Canadá, Corea, Dinamarca, Exipto, Filipinas, Finlandia, Francia, Holanda, Hungría, India, Indonesia, Islandia, Israel, Italia, Xapón, Malaisia, México, Nixeria, Noruega, Nova Zelandia, Paraguai, Perú, Polonia, Reino Unido, República Checa, Rusia, Sudáfrica, Suecia, Suíza, Tailandia, Taiwán, Turquía, USA e Zimbabwe.
- Prazo → até o 15 de febreiro.
- Máis información en → [https://www.yepspain.org/inter\\_corto.php](https://www.yepspain.org/inter_corto.php)

### 3. Axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras.

- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoca 1.600 prazas.
- Para alumnado de ESO e bacharelato.
- A realizarse no período estival.
- Requisitos:
  - Ter superadas tódalas áreas ou materias do curso anterior.
  - Ter acadado no curso anterior unha cualificación mínima de Ben (6) no nivel de estudo na área ou materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.
  - (non é o noso caso) Para as actividades de integración, estar matriculado/a, no presente curso escolar, nun centro da Rede de centros plurilingües.
- Distribución de prazas:



Nivel	Modalidade	Duración	Aloxamento	Prazas
1º da ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	380
2º da ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	325
3º da ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	180
4º da ESO	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50
	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	90
1º de bacharelato	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	150
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	135
	Inglés en Canadá – Integración	4 semanas	Familia	30
	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15
2º de bacharelato	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	80
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	90
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15
2º de bacharelato	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5

- Custes:
  - No caso das actividades que se realicen en Galicia, os gastos da viaxe até os lugares de celebración.
  - Actividades en Galicia (ESO e bacharelato): (custe real = entre 554€ e 755€)
    - Entre 70€ e 378€, segundo o grupo familiar ao que nos corresponda.
  - Actividades no estranxeiro (bacharelato) : (custe real = entre 2.000€ e 3.367€)
    - Entre 254€ e 1.684€, segundo o grupo familiar ao que nos corresponda.
  - Para o cálculo do grupo familiar, se atenderá ao expediente académico, renda per cápita, familia numerosa, discapacidade e participación en convocatorias anteriores.
- Inclúe:
  - No caso das actividades que se realicen no estranxeiro, os gastos da viaxe desde o punto





de saída dos distintos grupos.

- As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.
  - Os gastos de mantenza e aloxamento.
  - O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- Prazo: até o 20 de marzo
  - Máis información en → <https://www.edu.xunta.es/axudasle/>

#### 4. Bolsas USA Unicaja "Experiencia familiar y escolar en Estados Unidos".

- A Fundación Unicaja convoca 65 bolsas parciais, 10 bolsas totais, 2 becas totais 30 aniversario e 50 de acceso libre.
- Ofrécese a posibilidade de convivir durante tres semanas cunha familia americana que voluntariamente se brinda á súa integración e a compartir os seus quefaceres diarios académicos e cotiás.
- Requisitos:
  - Para alumnado matriculado na ESO ou bacharelato, que teña entre 14 e 17 anos.
  - As prazas están destinadas a estudantes, fillos de titulares ou titulares eles mesmos dunha conta de Unicaja Banco, aberta con anterioridade ao 31 de decembro do ano anterior de solicitude.
  - Ter bo nivel de inglés, bo expediente e pasar unha entrevista.
- Custes:
  - Bolsas parciais:
    - A fundación bancaria Unicaja concederá 65 bolsas parciais de 1.100€ por estudante e Aston Herencia cunha achega adicional de 180€, polo que a persoa interesada abonará 1.470€ dos 2.750€ de custe real que ten a actividade.
  - Bolsas totais:
    - A fundación bancaria Unicaja concederá 10 bolsas totais atendendo a criterios de renda per cápita.
  - Prazas de acceso libre → 2.750€
- Prazo: até o 21 de marzo.
- <http://www.campusunicaja.es/nuestros-campus/campus-becas-usa/>



#### 5. Space Camp en Alabama.

- A Embaixada de Estados Unidos en España convoca 8 bolsas.
- Para alumnado de 14 a 17 anos español ou andorrano ou residente en España ou Andorra.
- Prazo: até o 31 de marzo.
- <https://es.usembassy.gov/es/space-camp-en-alabama/>



#### 6. High-School Students Internship Programme en el CERN, en Ginebra.

- O Ministerio de Educación y Formación Profesional convoca 20 bolsas.
- Para alumnado de 4º da ESO.
- Prazo: até o 1 de abril.
- <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo.html>





## 7. Cursos de inmersión en lingua inglesa.

- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo convoca 14.000 bolsas.
- Requisitos:
  - Para alumnado de 2º de bacharelato, FP de grao superior, Ensinanzas Artísticas Superiores e Ensinanzas universitarias.
  - Ter sido bolseiro do MEFP no presente curso escolar.
- Custes:
  - 100€ en concepto de reserva de praza e matrícula.
- Prazo: até o 3 de abril.
- <http://www.uimp.es/actividades-academicas/cursos-de-inmersion-en-ingles.html>



## 8. Bolsas para un curso intensivo de inmersión lingüística de inglés, en España.

- O Ministerio de Educación y Formación Profesional convoca 2.400 bolsas.
- A realizarse no mes de xullo.
- Requisitos:
  - Ter entre 17 e 20 anos.
  - Para alumnado bolseiro matriculado en bacharelato, Música e Danza, FP de grao medio, Artes plásticas e Deseño, ensinanzas deportivas e EEOOII.
  - Ter superadas tódalas áreas ou materias do curso anterior.
  - Ter acadado no curso anterior unha cualificación mínima dun 7 no nivel de estudo na área ou materia de inglés.
- Inclúese:
  - Os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.
  - O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- Custes:
  - 100€ en concepto de reserva de praza e matrícula.
- Prazo: até o 10 de abril.
- <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo.html>



## 9. Summer Programme Action x Change.

- UWC España, la Fundación Comité Español de los Colegios de Mundo Unido convoca 60 prazas.
- Requisitos:
  - Para mozos de todo o mundo. (nados do 15 de xullo de 2002 ao 31 de decembro de 2005).
- Prazo → até o 15 de abril.
- <http://actionxchange.es/>



## 10. Eurolingua Benairlanda, SL convoca 200 bolsas ao 50%.

- Requisitos:
  - Para alumnado nado con anterioridade ao 30 de xuño de 2006.
- Prazo → até o 8 de maio.
- <https://www.becaseurolingua.com/>





## 11.O MEFP convoca o programa de inmersión lingüística en colonias de vacaciones.

- Consiste na asistencia a colonias nas que se traballarán prioritariamente aspectos orais do aprendizaxe da lingua inglesa, en instalacións situadas en distintos puntos da xeografía española en territorio peninsular.
- Estas colonias se realizarán durante o verán en períodos quincenais.
  - 250 prazas para 1º da ESO.
  - 250 prazas para 2º da ESO.
- Requisitos:
  - Alumnado que estea cursando 2º da ESO.
  - Estar matriculado nun centro sostido con fondos públicos durante o actual curso escolar.
  - Ter obtido, como mínimo, un 7 como nota media do curso anterior.
  - Ter obtido, como mínimo, un 7 como nota final na materia de inglés no curso anterior.
  - O alumnado con necesidade específica de apoio educativo poderá optar cunha nota mínima de 5.
- Inclúese:
  - Os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.
  - O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- Non se inclúe levar e recoller ao alumnado á actividade.
- Custes das prazas subvencionadas: 30€, 60€ o 190€ euros. (580€ custe total)
- Prazo → até o 22 de maio do ano en curso.
- <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo.html>



## 12.A CEUFP convoca actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek.

- Para alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos
  - 100 prazas para 3º da ESO na derradeira semana de agosto.
  - 100 prazas para 4º da ESO na primeira semana de setembro.
- Requisitos:
  - Estar cursando 3º ou 4º de ESO no réxime xeral, en centros sostidos con fondos públicos, durante o presente curso escolar, na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Ter superadas tódalas materias no curso anterior. De ser adxudicada unha praza obxecto desta convocatoria a un alumno/a de 4º de ESO que non teña superadas tódalas materias do curso actual, deberá renunciar a ela.
  - Ter acadado no curso anterior unha cualificación mínima de 6 na materia de Inglés.
- Inclúese:
  - Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.
  - Os gastos de docencia e o material escolar.
  - As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.
  - Os gastos de manutención e aloxamento.
  - O certificado de realización da actividade.
  - O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- Non se inclúe levar e recoller ao alumnado á actividade.
- O lugar onde se realizará esta actividade será o CRD da Coruña (Centro Residencial Docente, O Burgo-Acea de Ama s/n, Culleredo, 15670) en réxime de internado de domingo ao sábado seguinte.
- Prazo → até o 30 de maio do ano en curso.
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/27601>





## Curso escolar no estranxeiro.

(é importante ter claro que ningún programa no estranxeiro inclúe unha homologación de estudos garantida, se ben é certo que é habitual reincorporarse no curso que lle corresponda por idade. Tendo en conta que cabe a posibilidade de ter que repetir un curso, hai que ver estes programas como unha inversión cultural e lingüística inigualable)

### 1. A Fundación Amancio Ortega convoca 600 bolsas, das que 100 son para Galicia.

- Para estudar 1º de bacharelato en Canadá ou Estados Unidos.
- Requisitos:
  - Para alumnado matriculado en 4º da ESO nun centro español.
  - Nota media de 7 puntos en 3º de ESO e de 7 puntos na materia de inglés.
  - Información tributaria da unidade familiar, se ben é certo que non se require un nivel mínimo ou máximo de ingresos por familia.
- Ofrécese unha inmersión na cultura estranxeira, á vez que o perfeccionamento do inglés durante un ano académico.
- Convivirase nunha familia de acollida e cursarán grado 11, equivalente a 1º de bacharelato.
- Co obxectivo de facilitar a súa inmersión no país de acollida, os estudante non están autorizados a regresar a España durante o curso, incluso coincidindo coas súas vacacións escolares. Igualmente, as visitas de familiares non están permitidas e só poderán producirse de maneira excepcional, sempre coa aprobación previa da organización do programa.
- Cóbrense o 100% dos servizos necesarios para realizar un curso escolar no estranxeiro: viaxe, taxas de escolarización e matrícula nun instituto público, aloxamento e manutención nunha familia de acollida, seguro médico e de accidentes.
- Non están incluídos os gastos extras (actividades extraescolares...).
- Prazo → até o 30 de outubro.
- <https://becas.faortega.org/>



### 2. UWC España, a Fundación Comité Español de los Colegios de Mundo Unido convoca 10 prazas con bolsa total ou parcial e 10 de pago.

- Os 18 colexios de UWC ofrecen unha educación preuniversitaria de dous anos para estudantes de entre 16 e 19 anos. Nestes dous últimos anos da escola secundaria, o plan de estudos académico é o Programa de Diploma de bacharelato Internacional (IBDP).
- Na maioría dos UWC, os estudantes nos anos do IBDP son estudantes internos, que aprenden e viven no campus nunha comunidade diversa.
- Requisitos:
  - Para alumnado matriculado en 4º da ESO ou 1º de bacharelato no Estado Español e, en ámbolos dous casos, ter aprobado o ano anterior (se o alumno quedase seleccionado na fase final non poderá ter ningún suspenso ao final de curso).
  - Ter bo expediente académico e coñecementos básicos de inglés.
- A bolsa está valorada en 50.000€, que é o custe de escolaridade, aloxamento e manutención dos





dous cursos académicos.

- Non están incluídos os custes da viaxe, o diñeiro de peto e gastos extras (activ. extraescolares...).
- Charla informativa → 26 de outubro no IESIDE en Santiago de Compostela.
- Prazo → até o 14 de novembro.
- Taxas de inscrición: 14€.
- <https://www.es.uwc.org/>

### 3. Bolsa no Instituto de Verán Benjamín Franklin nos Estados Unidos de América.

- A Embaixada de Estados Unidos en España convoca 1 bolsas.
- Requisito:
  - Para alumnado de 16 a 18 anos español ou andorrano ou residente en España ou Andorra.



- Prazo: até o 13 de xaneiro.
- <https://es.usembassy.gov/es/education-culture-es/benjamin-franklin-transatlantic-fellows-initiative-student-application-form-es/>

### 4. Rotary Youth Schange convoca 140 prazas para intercambios longos (anuais).

- Pódese cursar o ano académico equivalente a 4º da ESO, 1º de bacharelato e 2º de bacharelato.
- Requisitos:
  - Para mozos entre 15 e 17,8 anos a 1 de agosto do ano de saída.
  - Estar patrocinado polo Rotary Club de Pontevedra.
- É un programa de intercambio, polo que existe a obriga de recibir na nosa vivenda outro estudante de calquera parte do mundo no lugar da nosa/do noso filla/o.
- Este programa dura un año académico: de agosto a xuño, agás se eliximos un país do hemisferio sur onde pode ser de xaneiro a decembro.
- Charla informativa → ao rematar esta presentación.
- Co obxectivo de facilitar a súa inmersión no país de acollida, os estudante non están autorizados a regresar a España durante o curso, incluso coincidindo coas súas vacacións escolares. Igualmente, as visitas de familiares non están permitidas até a Semana Santa e sempre coa aprobación previa da organización do programa.
- Custe:
  - Servizo de intercambio: 2.900€. (tramitación, , formación, actividades, orientacións, busca e xestión).
  - Esta cantidade inclúe diñeiro de peto por un importe entre 80€ a 150€ mensuais)
- Non están incluídos os custes da viaxe, do seguro médico e gastos extras (actividades extraescolares...).
- Países dispoñibles (entre outros) → Alemaña, Arxentina, Australia, Austria, Bolivia, Brasil, Bulgaria, Bélxica, Canadá, Corea, Dinamarca, Exipto, Filipinas, Finlandia, Francia, Holanda, Hungría, India, Indonesia, Islandia, Israel, Italia, Xapón, Malaisia, México, Nixeria, Noruega, Nova Zelandia, Paraguai, Perú, Polonia, Reino Unido, República Checa, Rusia, Sudáfrica, Suecia, Suíza, Tailandia, Taiwán, Turquía, USA e Zimbabwe.
- Prazo → até o 15 de decembro.
- <https://www.spainrye.es/quieres-acoger-a-un-estudiante/>

Rotary  
MD SPAIN



rotary  
youth  
exchange





- <https://www.spainrye.es/quieres-ser-estudiante-de-intercambio/>

## 5. Ano escolar en USA.

- International Education Exchange convoca 150 bolsas de 3.000€.
- Requisitos:
  - Para alumnado matriculado na ESO ou bacharelato, que teña entre 14 e 18 anos e medio na data do 15 de decembro .
  - Ter bo expediente académico e nota superior ao 6 no último curso escolar.
- Custe do programa: desde 6.750€
- Prazo → até o 15 de maio.
- <https://www.becaseurolingua.com/>



## Comparación coa oferta privada.

Logo de facer unha busca na internet e sen ánimo de facer publicidade a ningunha empresa privada e só para coñecer os custes que estes servizos poden costar no ámbito privado podes consultar a seguinte listaxe.

- [www.añoscolarencanada.es](http://www.añoscolarencanada.es) (todo incluído)
  - Semestre → desde 14.000€ até 16.500€
  - Ano escolar → desde 21.000€ até 26.000€
- [www.studyinvictoria.com](http://www.studyinvictoria.com) (voos e visados aparte)
  - Campamento de verán:
    - 2 semanas → 1.450€
    - 3 semanas → 2.100€
    - 4 semanas → 2.700€
  - Trimestre → arredor de 6.000€
  - Cuadrimestre → arredor de 7.500€
  - Semestre → arredor de 10.000€
  - Ano escolar → arredor de 18.000€
- [www.cls-idiomas.com](http://www.cls-idiomas.com)
  - USA, ano escolar en colexio público → arredor de 11.000€
  - Canadá, ano escolar en colexio público → entre 17.000€ até 24.000€
  - Irlanda, ano escolar en colexio público → arredor de 16.000€
  - Inglaterra, ano escolar en colexio público → arredor de 14.000€
- [www.ef.com.es](http://www.ef.com.es) (voos e visados aparte)
  - USA, ano escolar en colexio público → desde 12.000€
  - Reino Unido, ano escolar en colexio público → desde 13.000€
  - Irlanda, ano escolar en colexio público → desde 13.000€

